

LETRAS GALEGAS 2020  
RICARDO CARVALHO CALERO

A Mesa pola Normalización Lingüística pídenos que, o 17 de maio, Día das Letras Galegas, procuremos apoiar a causa da nosa lingua, con pancartas nas nosas fiestras, a través das redes sociais, etc. Afirmo, con razón, que o galego leva demasiado tempo confinado. Restrinxida a súa libre circulación, no seu propio país, condicionando negativamente o noso desenvolvemento, individual e colectivo. O noso propio presidente, que se supón que debería dar exemplo, para informar do coronavirus, diríxese a nós en castelán. Esperpéntico!

Pois, despois de que tanta xente dedicara o seu esforzo, físico e intelectual, á defensa da nosa lingua, as cousas seguen así de mal.

Entre estes bos e xenerosos, está don Ricardo Carvalho Calero, a quen, POR FIN, se lle dedica, este ano, o Día das Letras Galegas!

Nado no barrio ferrolán de Ferrol Vello, no 1.910; barrio de pescadores, enxebre, medieval, con tendas de efectos navais, para abastecer aos barcos do cercano porto. A igrexa do Socorro, coa virxe da Parrocheira, preside esta pequena vila mariñeira, enfronte de Mugardos. Máis arriba, a igrexa de San Francisco. Logo, o barrio da Ilustración(a Magdalena).

Don Ricardo foi un neno triste, pola morte prematura da súa nai. Fillo maior, moi cariñoso cos seus irmáns e bo estudante.

Ten unha importante obra narrativa. É o autor da primeira gran novela galega da posguerra: “A xente da barreira”. “Scorpio” foi a súa novela máis importante.

Tampouco a súa obra poética é menor, baseada, maiormente, na súa propia biografía:

“En Ferrol, na Praza Vella  
bule o domingo de feira.  
Vella praza mariñeira,  
praza rachada e peixeira,  
unha vegada por mes,  
faste interior e labrega”.

Autor teatral, crítico literario, filólogo, etc. Persoa fundamental nos estudos de lingua e literatura galega do século XX. A súa “Historia da literatura galega contemporánea” é unha obra grandiosa, igual que a “Gramática elemental del gallego común”.

Carvalho Calero foi unha figura central no proceso de estandarización do idioma galego, por ausencia dun código ou norma culta.

Firme defensor do Reintegracionismo(a achega do galego ao portugués), isto ocasionoulle moitos problemas coa intelectualidade da súa época. De feito, a normativa oficial adoptada seguíu outros derroteiros, aínda que Carvalho tivo moitísimos seguidores. E a polémica mantívose no tempo, pois, inexplicablemente, a Real Academia da Lingua Galega foi postergando, ata agora, o dedicarlle o Día das Letras Galegas.

Non podemos esquecer o seu traballo na docencia. Primeiro, no colexio Fingoi, en Lugo. Logo, no Rosalía de Castro, en Compostela. Foi o primeiro catedrático de lingua e literatura galega na universidade de Santiago e formador de moitos futuros docentes.

Persoa moi activa e comprometida, tanto no plano cultural como político. Desde moi novo, militou no Partido Galeguista, polo que foi un dos moitos represaliados.

Sentimos moito que esta pandemia non permita levar a cabo as actividades e homenaxes públicas que este gran autor se merece, coa participación de todas as persoas investigadoras e estudosas da súa obra. Moitas delas afirman que debería seguirse dedicando o Día das Letras Galegas do ano 2021 tamén a don Ricardo Carvalho Calero.

Bibliografía:

NÓS diario  
Revista IRIMIA